

10

III Circuito Deputación probas en pista 2025

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, co patrocinio da Deputación Provincial da Coruña, o “III Circuito de atletismo de probas en pista da Provincia da Coruña”, a celebrar nas seguintes datas:

15 de novembro	A Coruña (Pista UDC – Elviña) xornada de mañá
22 de novembro	Santiago de Compostela (Pista USC) xornada de tarde
29 de novembro	Ferrol (A Malata) xornada de mañá

No caso de non estar operativa algunha sede `para a celebración de algunha xornada, farase na pista mais cercana.

Art.2).- Participación

Poderán participar atletas pertencentes a clubs da Provincia da Coruña e con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo, establecéndose como categoría de participación a que lles corresponda para a tempada 2026:

Sub 14 nados en 2014 e 2013

Sub 12 nados en 2016 e 2015

Sub 10 nados en 2018 e 2017

- En cada xornada, cada atleta poderá participar nun máximo de dúas probas, das cales unha será unha carreira e a outra un concurso.**
- No caso de ter que acoutar a participación, por mor dunha elevada inscrición, aceptárase como mínimo a un atleta por entidade.**

Art 3). Probas a realizar

Categorías		
Sub 10 (2017-2018)	Sub 12 (2015-2016)	Sub 14 (2013-2014)
50	60	60
500	500	500
salto de altura	salto de altura	salto de altura
salto de lonxitude	salto de lonxitude	salto de lonxitude
lanzamento de peso	lanzamento de peso	lanzamento de peso



**Federación Galega
de Atletismo**



**Deputación
DA CORUÑA**

Art.4).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> con límite ata as 20:00 horas do luns anterior á proba.

Cada club so poderá inscribir a un atleta como máximo en dúas probas (unha carreira e un concurso) e debera poñer no campo de observacións a orde de preferencia de participación que terá cada atleta. No caso de que as inscricións superasen o número de prazas nunha proba, utilizarase esta preferencia para admitir

- "P1"
- "P2"
- "P3"
- ...

Art.5).- Comunicación de baixas

As baixas comunicaranse remitindo un correo a servizos@atletismo.gal, con prazo límite ata as 12:00 horas do mércores anterior á proba.

Art.6).- Nos lanzamentos e saltos horizontais realizaranse 3 intentos.

Art.7).- Táboas e cadencias

- **Tódalas categorías saltarán dende táboa a 1 metro.**
- **Cadencias de altura**

Sub 10	0,81	0,88	0,95	1,04	1,09	4/4
Sub 12	0,96	1,03	1,1	1,15	1,20	4/4
Sub 14	1,09	1,16	1,22	1,27	1,31	4/4

- .

- **Non se realizará desempate polo primeiro posto.**
- **O gañador de cada proba deberá seguir a cadencia establecida.**

Art.8).- Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito.

- **Os dorsais entregaranse por club, debendo recollelos o seu delegado.**
- **Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.**

Art 9).- Premios

A Deputación da Coruña organizará unha gala para facer entrega dos seus premios ós gañadores..

- **Clasificación individual**

Entregaranse trofeos por proba, categoría e sexo, ós atletas que acaden as tres mellores marcas ó termo do circuíto. En caso de empate, resolverase segundo enfrontamentos directos e, en caso de persistir, terase en conta a segunda mellor marca feita no circuíto.

- Clasificación por clubs

Entregaranse trofeos ós 3 clubs que totalicen maior puntuación entre tódalas probas, categorías e sexos.

Outorgaranse 10 puntos ó primeiro clasificado do ránking final de cada proba , 9 puntos ó segundo, e así sucesivamente ata asignar 1 punto ó décimo.

Cada atleta só poderá sumar para o seu club as súas dúas mellores puntuacións. O 11º non levará puntuación, malia que un atleta que lle preceda non puntúe nesa proba por puntuar mellor noutras dúas.

Art 10). Horario provisional xornada 15 de novembro

HORA	Carreira	Categoría	Altura	Lonxitude	Peso
10:30	500	Sub 10 Homes	Sub 12 Homes	Sub 14 H-M A	Sub 14 Mulleres
10:45	500	Sub 10 Mulleres			
11:00	500	Sub 12 Homes			
11:15	500	Sub12 Mulleres			
11:30	500	Sub 14 Homes	Sub 12 Mulleres	Sub 14 H-M B	Sub 10 Homes
11:45	500	Sub 14 Mulleres			
12:00	50	Sub 10 Homes			
12:25	50	Sub 10 Mulleres	Sub 10 Homes	Sub 12 H-M A	Sub 10 Mulleres
12:50	60	Sub 12 Homes			
13:15	60	Sub 12 Mulleres			
13:40	60	Sub 14 Homes	Sub 10 Mulleres	Sub 12 H-M B	Sub 14 Homes
14:05	60	Sub 14 Mulleres			

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 20 de outubro de 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo